



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2016**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.00 horas do día 9 de setembro de 2016; a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D<sup>a</sup>. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D<sup>a</sup>. Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde-Presidente, e coa asistencia da Secretaria-Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

#### **ORDE DO DÍA.**

##### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Os señores concelleiros declaran cofecer e aprobar o contido das actas da sesións extraordinarias anteriores seguintes:

- ❖ Sesión extraordinaria de data 16-5-2016.
- ❖ Sesión extraordinaria de data 11-7-2016.
- ❖ Sesión extraordinaria de data 30-8-2016.

Non habéndose formulado observación algunha, apróbbase por unanimidade.

##### **2.- DITAME APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL 2015.-**

Pola Alcaldía- Presidencia dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas de data 9 de setembro de 2016, da publicación efectuada no BOP de A Coruña nº 149, de data 8 de agosto de 2016, e no taboleiro de edictos, así como do certificado da Secretaria das alegacións presentadas, sen que se formulase reclamación algunha.

Pasada a votación a aprobación referida polo Pleno municipal, con oito votos a favor ( dos membros do grupo municipal do PP) e tres abstencións ( dos membros do grupo municipal do BNG), de conformidade co disposto nos artigos 212 apartados 4 e 5 do Texto Refundido Regulador das Facendas Locais aprobado por RDL 2.2004, e nos artigos 49 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, acórdase:

**1.- PRIMEIRO.:** A aprobación da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2015.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

2.- **SEGUNDO.:** A súa remisión ao Consello de Contas de Galicia aos efectos procedentes.

3.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA RATIFICACIÓN PROXECTOS DO PAS 2015 E SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA A ADXUDICACIÓN DAS OBRAS ATA O 30 DE XUÑO DE 2017.-**

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía, de data 6 de setembro de 2016, co teor literal seguinte:

*"(...) Logo de ver que con data 16 de decembro de 2015, o Pleno municipal deste Concello, adoptou o acordo de participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, aprobando inicialmente os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:*

**A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:**

<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>"Acceso á Area Recreativa das Virtudes (Vitre), e outros"</i>	<i>75.350,96</i>	<i>0,00</i>	<i>75.350,96</i>
<i>"Acondicionamento exterior de locais sociais en Ponte Carreira e outros"</i>	<i>83.901,65</i>	<i>0,00</i>	<i>83.901,65</i>
<b><i>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</i></b>	<b><i>159.252,61</i></b>	<b><i>0,00</i></b>	<b><i>159.252,61</i></b>

**B) Outros investimentos financeiramente sostibles:**

<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>"Accesos a Tarrío (Papucín) e outros"</i>	<i>35.623,99</i>	<i>0,00</i>	<i>35.623,99</i>
<i>"Melloras na rede de abastecemento de auga de Frades no lugar de Aiazo e outros"</i>	<i>70.544,42</i>	<i>0,00</i>	<i>70.544,42</i>
<b><i>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</i></b>	<b><i>106.168,41</i></b>	<b><i>0,00</i></b>	<b><i>106.168,41</i></b>



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Conuña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dtoruna.es

### C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	159.252,61	0,00	159.252,61
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	106.168,41	0,00	106.168,41

Para tal finalidade, e de acordo co Informe técnico operante no expediente, solicitáronse e recibíronse as seguintes AUTORIZACIÓNS nas datas seguintes:

1.- EXPTE CO 5.2016 "Acceso á Area Recreativa das Virtudes (Vitre), e outros" (75.350,96 euros): **NON SON NECESARIAS AUTORIZACIÓNS**

2.- EXPTE CO 6.2016 "Acondicionamento exterior de locais sociais en Ponte Carreira e outros" (83.901,65 euros):

A.-PONTECARREIRA: AUTORIZACIÓN SERVIZO VÍAS E OBRAS DA DEPUTACIÓN.

- SOLICITADA AUTORIZACIÓN 16-3-2016
- RECIBIDA AUTORIZACIÓN 23-3-2016

B.-VEDRAL: AUTORIZACIÓN AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

- SOLICITADA AUTORIZACIÓN 16-3-2016
- RECIBIDA AUTORIZACIÓN 26-4-2016

C.-CIMADEVILA: AUTORIZACIÓN SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL.

- SOLICITADA AUTORIZACIÓN 16-3-2016
- RECIBIDA AUTORIZACIÓN 26-5-2016

D.-OBRAS NO COLEXIO: AUTORIZACIÓN EDUCACIÓN

- SOLICITADA AUTORIZACIÓN 16-12-2016
- RECIBIDA AUTORIZACIÓN 17-2-2016

3.- EXPTE CO 7.2016 "Accesos a Tarrío (Papucín) e outros" (35.623,99 euros).  
**NON SON NECESARIAS AUTORIZACIÓNS**

4.- EXPTE CO 8.2016 "Melloras na rede de abastecemento de auga de Fraides no lugar de Aiazo e outros" (70.544,42 euros).

A.-AUTORIZACIÓN DEPUTACIÓN POR CRUCE DE ESTRADA DP-3802 C02 ABASTECIMENTO DE AUGA EN GAFOI.- CO9 ABASTECIMENTO DE AUGA EN GALEGOS (VISTA ALEGRE).

- SOLICITADA AUTORIZACIÓN 16-3-2016
- RECIBIDA AUTORIZACIÓN 23-3-2016



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coaña)  
Teléfono: 981 - 69 53 67 y 981 - 0 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

B.- AUTORIZACIÓN DE PATRIMONIO POR XACEMENTO GA15038015  
(CONTRATACIÓN ARQUEÓLOGO).-  
CO6 AMPLIACIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA EN VITRE.- CO9  
ABASTECIMIENTO DE AUGA EN GALEGOS (VISTA ALEGRE)

- SOLICITADA AUTORIZACIÓN
- RECIBIDA AUTORIZACIÓN 2-6-2016

### INFORME TÉCNICO FAVORABLE SOBRE CONDICIONAMIENTOS PATRIMONIO

Por esta Alcaldía, en base ás atribucións delegadas no Pleno de data 16 de decembro de 2015 en relación a este expediente, e logo de ver os artigos 21 e 22 da LBRL sobre competencias PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente os seguintes Proxectos de obra visto que contan coas autorizacións pertinentes:

- 1.- EXPTE CO 5.2016 "Acceso á Area Recreativa das Virtudes (Vitre), e outros" (75.350,96 euros).
- 2.- EXPTE CO 6.2016 "Acondicionamento exterior de locais sociais en Ponte Carreira e outros" (83.901,65 euros).
- 3.- EXPTE CO 7.2016 "Accesos a Tarrío (Papucín) e outros" (35.623,99 euros).
- 4.- EXPTE CO 8.2016 "Melloras na rede de abastecemento de auga de Frades no lugar de Aiazo e outros" (70.544,42 euros).

**SEGUNDO.-** Logo de ver que os Proxectos de obra do PAS 2015 actualmente contan coas autorizacións pertinentes, e visto que a solicitude e obtención das mesmas retrasou o prazo de adxudicación das obras do PAS 2015, así como a natureza do procedemento negociado con publicidade no perfil que posibilitou a presentación de numerosas ofertas polos licitadores o que facilitou a concorrência pero á súa vez dilatou o procedemento, tendo en conta a Circular remitida aos Concellos pola Deputación Provincial de A Coruña, recibida neste Concello o 2 de setembro de 2016, solicitar á Deputación Provincial unha prórroga ata o 30 de xuño de 2017, do prazo de adxudicación das seguintes obras e subministracións pendentes do PAS 2015:

"Acceso á Area Recreativa das Virtudes (Vitre), e outros"

"Acondicionamento exterior de locais sociais en Ponte Carreira e outros"

"Accesos a Tarrío (Papucín) e outros"

"Melloras na rede de abastecemento de auga de Frades no lugar de Aiazo e outros"

**TERCEIRO.-** Notificar á Deputación Provincial (Servizo de Xestión de Plans), o contido destes acordos a través da plataforma habilitada a estes efectos. (...)"



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Tralas deliberacións oportunas, con oito votos a favor ( dos membros do grupo municipal do PP) e tres abstencións ( dos membros do grupo municipal do BNG), o Pleno ACORDA por maioría absoluta aprobar a proposta da Alcaldía en tódolos seus termos.

#### **4.- PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 09/09/2015 EN RELACION COA DETERMINACIÓN DOS DOUS DIAS QUE TERÁN CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS NO 2017 NESTE CONCELLO.-**

Visto o escrito remitido da Xunta de Galicia Consellería de Emprego e Industria con entrada neste Concello nº 569 en data 23/06/2016 polo que se solicita que antes do día 30/09/2016 deberá remitirse por este Concello as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2017.

O Pleno, a proposta da Alcaldía, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2017:  
- Martes de carnaval do ano 2017.  
- San Miguel, día 29 de setembro de 2017

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2016 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

**5.- MOCIÓNS.-** Non se presentan.

**6.- INFORMES DA ALCALDÍA.-** A continuación o Sr. Alcalde informa dos seguintes asuntos:

1.- Están iniciadas as obras de construción dunha piscina infantil en Frades, subvencionada pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia. O orzamento total ascende a 40.000 euros, a subvención a 26.476,28 euros, e a aportación municipal a 13.553,72 euros.

2.- Xa está rematada a obra feita pola Consellería de Educación no CPI de Pontecarreira:

- Reforma de fontanería.
- Reforma eléctrica.
- Reforma de alarmas por tormentas.

A maiores o Concello fixo obras no colexio:



## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dtoruna.es

- Pintáronse 8 aulas de primaria, quedando pintado totalmente o colexio interiormente nestes dous últimos anos.
- Reformouse con pladur unha sala para banco de libros e para material de limpeza.
- Reparáronse e cambiáronse as estanterías de tódalas aulas que foron pintadas.
- Substituíuse parte do alicatado da cocíña que estaba en mal estado.

O investimento co Concello no colexio ronda os 10.000 euros con persoal propio (obra por administración), e persoal do Plan de Emprego da Deputación de A Coruña.

O Colexio quedou totalmente operativo para iniciar o curso 2016/2017 cas obras rematadas totalmente unha semana antes de iniciar o curso escolar.

3.- A principios de setembro comezou a funcionar o Obradoiro de Emprego Ordes- Frades. Durante os meses de xullo e agosto realizouse a selección de persoal técnico e alumnos. O Obradoiro tivo unha duración de setembro a marzo ( 6 meses). O investimento da Consellería de Industria e Emprego foi de 179.000,00 euros. Os alumnos son 8 de Frades e 12 de Ordes. As actuacións en Frades foron no local social do Cabezo e varias Área recreativas deste Concello.

#### 4.- Informe sobre o desbroce municipal:

Fíxose unha primeira pasada a tódalas vías asfaltadas do Concello e xa se iniciou unha segunda volta.

Nas pistas de monte e labradío xa se levan feitas 7 parroquias neste momento.

#### 5.- Brigada de Incendios no Concello de Frades:

Contratouse unha brigada de incendios con unha subvención da Consellería de Medio Rural, coas seguintes características:

- O contrato fíxose por procedemento negociado sen publicidade ca oferta máis vantaxosa para o Concello.
- A empresa adxudicataria foi Conform Forestal.
- Empregouse a 5 persoas en situación de desemprego do Concello de Frades.
- A empresa ten a obriga de estar ao servizo do distrito forestal para extinción de incendios e tamén limpar ata un máximo de 10 hectáreas de masas comúns e camiños veciñais onde non entra a maquinaria rodada.

#### 6.- Plan Marco de camiños municipais de accesos a explotacións gandeiras e fincas agrarias.

Xa están rematadas as obras adxudicadas á empresa Cosmalca S.L.:





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Condea)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- Accesos a Marís-Tañoi (Abellá).
- Pista Aboi- Vitre e accesos á granxa de Aboi.
- Pista Consello (Papucín) a Mesos.
- Accesos á Chousa de atrás (Ledoira).

### 7.- Plan de Emerxencias Xunta de Galicia. Consellería de Medio Rural.

Esta semana próxima, a Consellería de Medio Rural vai proceder á contratación da construción de 3 pontes derribadas en Frades polos temporais de inverno:

- Ponte Raselo (Gafoi).
- Ponte Xeza (Mesos)
- Ponte Reboredo (Galegos).

### 8.- Punto Limpo:

Infórmase que o Punto Limpo está aberto ao público, veciños de Frades e Mesía, dende o primeiro mércores do mes de Agosto.

- Horario de apertura:  
Martes 16:00 h- 20:00 h  
Sábados 12:00 h-16:00 h
- Empresa adxudicataria: grupo Soil.

### 9.- Plan de Emprego da Deputación: PEIL.

Contratáronse 5 persoas desempregadas ca subvención do Plan de Emprego da Deputación.

Duración do contrato: 4 meses.

Horario: 5 horas diarias

Selección de persoal: a través da Oficina de Emprego.

Labores a realizar: limpeza de áreas verdes, obras no colexio, en locais sociais, camiños públicos, poda...

### 10.- Labores de mantemento:

Estance a realizar labores de mantemento de infraestruturas deportivas e piscinas infantís:

- Campo de fútbol de Abellá (céspede artificial e outros).
- Campo de fútbol de Pontecarreira (porterías, limpeza...).



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdiworuna.es

- Pavillóns municipais (pintado porterías, limpeza...).
- Parques infantís (reparación de xogos, pintado e limpeza).

### 11.- Mancomunidade de Ordes:

- Curso de Cooperativismo tanto presencial como na modalidade on line gratuito nos 7 Concellos, debido á subvención da Xunta de Galicia.
- Obradoiros artesanais nos 7 Concellos gratuítos debido á subvención da Deputación (fiado, cestería, prantas medicinais...).
- Os días 8 e 15 de outubro terá lugar a I Miniolimpiada da Comarca de Ordes nas instalacións do Concello de Ordes, nas modalidades de atletismo, fútbol sala, xadrez e orientación.
- Reforzouse o servizo de atención temperá con máis persoal ( 4 persoas a xornada completa) e déuselle un novo local máis axeitado e mellor acondicionado para o servizo (local novo no edificio da notaría).
- Realizouse un curso subvencionado pola Dirección Xeral de Xuventude "Deseñando o teu futuro" no que participaron 33 mozos de toda a Comarca con presenza en varias empresas durante 15 días.

### 12.- Informe do desenrolo das actividades de Verán do Concello de Frades:

Éxito de participación nas actividades programadas polo Concello este verán que está a rematar. Quedan pendentes dúas excursións a Asturias e a Madrid, que xa teñen as prazas esgotadas.

Proximamente en setembro-outubro sairán programadas as actividades de outono-inverno 2016/2017.

### 7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos que pregunta sobre quen controla o horario e o traballo dos obreiros, e se están a cumprir todos.

O Sr. Alcalde- Presidente responde que "*si salvo un que xa ten orde de aviso*".

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra de novo ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos que pregunta "*¿A Conselleira de Medio Rural estivo por aquí?*".

O Sr. Alcalde- Presidente responde "*Si, foi á Cooperativa Central de Frades e quixo ver tamén as obras do Plan Marco.*"

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra á concelleira do grupo municipal BNG, Dona Nelly Iglesias Rey que pregunta sobre o tema das axudas "*Temos dereito a cofecer o expediente. Temos dereito aos expedientes*".





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 0 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra de novo ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos que di que a asistenta social explicoulle que ela non lle podía dar o Informe.

O Sr. Alcalde- Presidente responde *“Denegáronse dúas por pasar do umbral de riqueza (tipo de renda), e outra por non presentar a documentación requirida. Non subsanou no prazo de subsanación e neste caso pedíase a carta verde”*.

A continuación a Secretaria informa sobre o dereito dos concelleiros de acceso aos expedientes, libros e rexistros e informa sobre a Lei de protección de datos.

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra á concelleira do grupo municipal BNG, Dona Nelly Iglesias Rey, que pide disculpas polo seu comportamento no Pleno do día anterior. O Alcalde acepta as disculpas en nome de todo o grupo de goberno.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14.56 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

